

POLO QUE FIXERON E POLO QUE ERAN. A REPRESIÓN DIRECTA E A REPRESIÓN TRANSITIVA CONTRA AS MULLERES NA GUERRA CIVIL

A primeira vez que se falou no ámbito internacional e institucional da represión cara a muller como forma específica da violencia franquista, xa dende o inicio da sublevación, foi en outubro 1946. Neste ano, o Comité do Día Internacional da Muller mandou unha misión, formada por tres laboristas inglesas, a visitar os cárceres españois de mulleres. Esta misión organizouse en resposta ás cartas enviadas pola Unión de Mulleres Españolas expresando a súa preocupación respecto á sorte das presas políticas¹. Non obstante, a historiografía no lle prestou demasiada atención á represión exercida sobre a muller, só nos últimos anos comezan a aparecer estudos centrados exclusivamente nesta forma concreta de represión, fundamentalmente dentro do denominado “universo penitenciario”². Aínda así, é frecuente que as investigacións, a pesar de escoller á muller como obxecto de estudo, non adopten unha metodoloxía específica, simplemente manteñen a utilizada para o home ou realízanse obviando calquera metodoloxía, como se a maior dificultade para o estudo da represión dende a perspectiva de xénero (determinada por razóns que expoñerei), xustificara unha abordaxe non sistemática.

A violencia represiva exercida sobre a muller tivo unhas características específicas, definir, ou máis ben delimitar esas características, e suxerir unha aproximación metodolóxica para o estudo da represión desde unha perspectiva de xénero, son os obxectivos deste traballo.


¹ Revista *Mujeres Antifascistas Españolas*, núm. 1, 1 novembro de 1946, p. 8 e nº 4, 15 xaneiro de 1947, p.8.

² Mención especial merece Tomasa Cuevas, militante comunista represaliada, que a mediados da década dos setenta, dedicou preto dunha década a recorrer a xeografía española recollendo cunha gravadora as testemuñas das mulleres que padeceron os cárceres de Franco, sen contar para elo con axuda oficial algunha. O resultado foron tres libros *Cárcel de mujeres (1939-1945)* e *Mujeres de la resistencia*, publicados en 1985 e 1986, que no ano 2004 foron reeditados nun só volume co título *Testimonios de mujeres en las cárceles franquistas*. No ámbito historiográfico foi un fito na historia oral Fernanda Romeu Alfaro coa obra *El silencio roto: mujeres contra el franquismo* de 1994, que recolle a voz das mulleres comprometidas politicamente. Destacan ademais os traballos de historiadoras como Giuliana Di Febbo, pioneira neste tipo de estudos, e outros máis recentes e cun enfoque máis local, como os de Ricard Vinyes (Barcelona), Mercedes Yusta (Aragón), Encarnación Barranquero (Málaga), Irene Abad Buil (Aragón), Teresa González Pérez (Canarias), Claudia Cabrero Blanco (Asturias), Lucía Prieto Borrego (Marbella), Pura Sánchez (Andalucía), Fernando Hernández Holgado (sobre “Las trece rosas”), David Ginard i Féron (sobre Matilde Landa e a prisión de mulleres de Palma). No ámbito galego cabe mencionar a Carmen Blanco, Aurora Marco, Ángel Rodríguez Gallardo e María Jesús Souto.

En canto ás características, convén sinalar, en primeiro lugar, que a intensidade da represión sobre a muller non foi menor que a da sufrida polo home, como se viña aceptando até agora, sempre que se contextualice e individualice cada situación en concreto. Neste sentido, o xénero feminino actuaba como factor modulador desa intensidade e o podía facer nos dous sentidos, aumentándoa ou diminuíndoa, segundo o grado de autonomía atribuído á muller no seu proceder, normalmente con base en prexuízos.

1. CARACTERÍSTICAS DIFERENCIAIS DA REPRESIÓN SOBRE A MULLER

É un feito aceptado que a represión durante a Guerra Civil e inmediata posguerra afectou ao colectivo feminino en menor medida que aos homes. Así, para Galicia, o Proxecto Interuniversitario Vítimas, Nomes Voces e Lugares (en adiante VNVL), ofrece os seguintes datos.




Elaboración propia con datos dispoñibles en liña: <http://www.nomesevoces.net/gl/informe/informe-de-resultados-vitimas-galicia-1936-1939> [consultado ó 25 de marzo de 2011], que cita como fonte principal: ATM (Coruña-Ferrol): Causas incoadas nas prazas militares correspondentes ao territorio galego. Outras fontes: LRD, Xulgados Municipais e de Instrución de Galicia (para o caso de pena de morte executada sen apertura de causa militar). Laruelo Roa, M. (1999) para o caso dos galegos procesados en Asturias.

En termos cuantitativos estes datos son incontrovertibles, expresan sen ningún xénero de dúbida que a represión exercida sobre o home foi, numericamente, moi superior á exercida sobre a muller. Nembargantes, esta aproximación cuantitativa resulta moi reduccionista, e non reflicte fielmente a dinámica represiva.

1.1. A *REPRESIÓN OFICIAL*³ CONTRA A MULLER

Para unha análise precisa da dinámica represiva oficial e das súas modalidades, debo remitirme á provincia de Lugo, na que estas foron estudadas de forma exhaustiva.



Elaboración propia con datos obtidos dos libros de rexistro e expedientes dos reclusos/-as consultados na CárceL de Bonxe (Outeiro de Rei-Lugo) dos anos 1936-1940, expedientes de responsabilidades civís e políticas depositados orixinalmente na Audiencia Provincial de Lugo; Boletín Oficial da Provincia de Lugo (en adiante BOPL) dos anos 1936-1945; Libro de Rexistro de causas militares consultado na Delegación do Goberno Militar de Lugo e o diario *El Progreso* de Lugo dos anos 1936-1939.

Observamos que o referido patrón de xénero mantense para tódalas modalidades represivas, con predominio da represión sobre os homes. O predominio masculino maniféstase, sobre todo, na columna das responsabilidades políticas e das declaradas en rebeldía, onde a proporción de mulleres é ínfima (á volta do 1%), aínda menor que a xa pequena da columna de persoas procesadas, en consonancia co reducido papel que as mulleres desempeñaron na política durante a etapa republicana. Neste sentido, no rexistro de asociacións do Goberno Civil de Lugo e na prensa da época só atopamos 34 mulleres directivas de organizacións políticas (17 de esquerda e 17 de dereita) durante a República, que o eran maioritariamente das seccións femininas dos respectivos partidos e sindicatos, excepto nestas, ocupaban cargos secundarios, nunca a presidencia, a vicepresidencia ou a secretaría do partido en cuestión.

³ A que é recoñecida, autorizada, desencadeada e aplicada **explicitamente** por quen tiña capacidade para elo segundo a lexislación franquista.

Táboa nº 1-ORGANIZACIÓNS POLÍTICAS LUCENSES CON MULLERES
NA SÚA DIRECTIVA NA ETAPA REPUBLICANA

DENOMINACIÓN	TENDENCIA POLÍTICA	RADICACIÓN	CARGO	NOME
Partido Republicano Liberal Demócrata de Lugo-Sección femenina	centro-dereita	Lugo	Presidenta	Carmen Pérez García
			Vicepresidenta	Carmen Barba De Cidró
			Secretaria	Emma G. Bolaño
			Depositaria	Vicenta Vázquez De Arias
			Vocal	Mercedes Penedo Fouz
			Vocal	Carmen Arias Vázquez
Unión Regional de Derechas de San Julián de Mos-Sección femenina	dereita católica	Castro de Rei	Presidenta	Francisca Rozas Gayoso
			Vicepresidenta	Josefa López Fernández
			Secretaria	Magdalena Yáñez García
			Vicesecretaria	Constancia Castro Docampo
			Tesoreira	Herminia Iglesias López
			Vocal	Carmen López Alonso
			Vocal	Nieves Cando Fumpedriña
			Vocal	Anuncia Santiso Rielo
Vocal	Josefa Bodenlle Pardo			
Unión de Derechas y Agrarios	dereita católica	Outeiro de Rei	Vocal	Nieves Díaz Abuide
Agrupación Política Republicano-Agraria de Becerreá	dereita católica	Becerreá	presidenta honorífica	Olencia Fernández
Agrupación local del Partido Republicano Radical Socialista	esquerda	Trabada	Tesoreira	¿Josefa O Manuela? Barcia Barrera
Agrupación local del Partido Republicano Radical Socialista	esquerda	Trabada	Vocal	Inocencia Rego Yanes
Agrupación local de Unión Republicana	centro-esquerda	Trabada	Vocal	Inocencia Rego Yanes
Unión de Labradores de Montecubeiro	esquerda	Castroverde	Vocal	Manuela Fórneas
Sociedad de Maestros de Sober	esquerda	Sober	Vocal	Gloria Gallo Gómez
Asociación de Sastras	UGT-socialista	Lugo	Presidenta	Pura Prado Arias
			Vicepresidenta	Angelita González Lenza
			Secretaria	Amalia Janeiro Fernández
			Vicesecretaria	Josefa Naval Domínguez
			Contadora	Carmen Fernández Corral
			Vocal	María Castro Villamor
			Vocal	Luisa Hortas Méndez
			Vocal	Esperanza Lázare Prado
Vocal	Esperanza Sánchez Fernández			
Asociación de maestros nacionales del partido de Ribadeo	UGT-socialista	Ribadeo	Tesoreira	Juana Díaz Pérez
Sociedad de Agricultores de Santiago de Requeijo	UGT-socialista	Chantada	Vocal	Leonor Fiallega
Sociedad de Agricultores La Unión de Torbeo	UGT-socialista	Ribas de Sil	Vicesecretaria	Flora Rodríguez González

Elaboración propia con datos obtidos do Arquivo Histórico Provincial de Lugo (en adiante AHPL), Fondo Gobierno civil-Asociacións, Cartapacios do 443-153; 1340 e 1346 e do diario *El Progreso* anos 1930-1936.

Do mesmo xeito, a penas temos constancia de dúas mulleres concelleiras na provincia, unha en Cervo: MARÍA DÍAZ FERNÁNDEZ e a outra en Rábade: GABRIELA NIETO CHAÍN. Estes datos son unicamente indicativos, xa que se trata, como dixemos, de rexistros maioritariamente oficiais, os cales probablemente non foron exhaustivos, existindo asociacións non rexistradas como a “Unión de Hermanas

Proletarias Socialistas de Vivero”, da que temos noticia unicamente a través dun sumario militar⁴. É evidente que estes datos referidos a Lugo non se poden xeneralizar sen máis a toda Galicia, xa que a actividade política nesa provincia non é comparable coa das provincias atlánticas, pero con tódalas salvidades, pode considerarse un **indicador de tendencia**, en tanto non se complete o estudo dos expedientes de responsabilidades políticas para o resto da nosa Comunidade.

1.1.1.A represión oficial transitiva

Volvendo á gráfica núm. 2, podemos sinalar un matiz referido à porcentaxe de mulleres no total de persoas detidas que, a diferenza do que ocorre nas outras modalidades represivas oficiais, é apreciable. Para comprender mellor o significado deste contraste, convén analizar a evolución das detencións no tempo.

Táboa nº 2- EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE PERSOAS DETIDAS⁵ POR MOTIVOS POLÍTICOS DURANTE O PERÍODO 1936-1940 EN LUGO


ANO	HOMES	%	MULLERES	%
1936	1296	25,6	24	4,3
1937	1556	30,8	156	27,7
1938	484	9,6	57	10,1
1939	1138	22,5	133	23,5
1940	584	11,5	194	34,4
TOTAL	5058	100	564	100

Elaboración propia con datos obtidos dos Libros de Rexistro de Ingresos e dos Expedientes de presos/-as consultados no Cárcere de Bonxe

Considerando as proporcións (de persoas de cada sexo encarceradas anualmente respecto ao total de persoas dese sexo encarceradas durante todo o período estudado), obtemos a seguinte gráfica de evolución que permite unha comparación máis axustada entre os dous xéneros .

⁴ Arquivo Intermedio Militar do Noroeste (Ferrol), fondo Lugo, causa nº 903 de 1936.

⁵ Contabilízase o número de persoas detidas, non o nº de detencións, xa que unha mesma persoa podía ingresar varias veces e en diferentes cárceres da provincia.



Elaboración propia con datos obtidos dos Libros de rexistro e Expedientes dos reclusos/-as depositados no Cárcere de Bonxe (Outeiro de Rei-Lugo), anos 1936-1940.


Deixando a un lado as cuestións de magnitude (o número de homes é sempre moito maior que o de mulleres), existen claras diferenzas na evolución das detencións dos individuos de ámbolos dous sexos. No caso dos homes a intensidade das detencións é máxima desde o inicio, esta intensidade igualase, en termos relativos, coa das mulleres no ano 1937 para despois evolucionar de forma sincrónica nos dous sexos ata o ano 1939, a partir do cal observamos unha nova diverxencia. A baixa porcentaxe de mulleres detidas en 1936 estaría relacionada coa súa escasa participación *directa* na resistencia á sublevación. O incremento da porcentaxe de detidas entre 1939-1940 coincide co aumento da actividade dos fuxidos e, consecuentemente, da actividade represora contra estes e tamén contra os seus apoios, maioritariamente mulleres, seguindo as directrices de 4 de maio de 1939 do Gobernador militar referentes á política de encarceramentos e excarceracións condicionadas, que convertía aos familiares de fuxidos en reféns: “Ordeno sean puestos en libertad todos los familiares de huidos dándoseles un plazo de 15 días para que los presenten, de lo contrario serán nuevamente encarcelados.”⁶ Cando esta política non daba resultado, a maior parte dos familiares detidos eran enviados ao campo de concentración de Figueras (Asturias). Ademais da correlación entre as accións dos fuxidos e a represión contra a muller, outra circunstancia contribúe ao aumento desta última, a maior dispoñibilidade de medios, posto que unha vez finalizada a guerra, o exército puido dedicarse de cheo á

⁶ Arquivo da Penitenciaría de Bonxe, documentación varia, sen clasificar

persecución da resistencia ao réxime. Esta consideración *de facto* da condición de familiar de fuxido como delito, oficializábase cando na inscrición no libro de rexistro do cárcere no apartado correspondente ao delito facíase constar “esposa de desertor”, “esposa de fuxido” ou “familiar de fuxido”. Esta “relación cos fuxidos” constitúe o grupo máis numeroso dentro da categoría de ingresos políticos e representa o que no título denominamos represión “TRANSITIVA”, no sentido de que transfírese do home para (maioritariamente) a muller. Neste caso o factor xénero pode considerarse determinante da represión.

En resumo, a maior parte das detencións por motivos políticos practicadas en Lugo entre 1936-1940, obedeceron a comportamentos ou circunstancias máis relacionadas co papel tradicionalmente asignado á muller como elemento estruturante da familia ou coa imaxe da muller como obxecto de protección do varón, perspectiva do réxime, que utilizaba ás mulleres como reféns para forzar a entrega dos seus achegados.


Respecto á terceira modalidade represiva, a das persoas procesadas en Consello de Guerra, ao desagregalas segundo a sentenza recaída, constatamos novamente a maior amplitude desta modalidade no caso dos homes.



Elaboración propia con datos obtidos do Libro de rexistro de causas militares consultado na Delegación Militar de Lugo.

Para anular o efecto da maior actividade política dos homes na etapa previa ao golpe de Estado, podemos transformar novamente as frecuencias absolutas da gráfica

anterior en frecuencias relativas, é dicir, presentar as porcentaxes que representan os individuos afectados polos diferentes tipos de resolucións dos Consellos de Guerra, en relación ao total de individuos de cada xénero implicados neste tipo de proceso.



Elaboración propia con datos obtidos do Libro de rexistro de causas militares consultado na Delegación Militar de Lugo.

Analizando a nova gráfica vemos que esta modalidade represiva contra da muller non só é menos extensa, senón tamén, *aparentemente*, menos intensa. Se atendemos ás sentencias con condena, observamos un equilibrio relativo unicamente na categoría que engloba as penas mais “leves”, a designada como “prisión temporal”, mentres que nas categorías correspondentes ás penas máis severas, “prisión perpetua”, “pena de morte” e “pena de morte conmutada”, o predominio é masculino.

Efectivamente, a represión dos homes foi moito máis extensa, pero cando nos referimos a intensidade a afirmación non pode ser tan rotunda. Para unha análise máis depurada, temos que considerar que a intensidade da represión non depende a penas da severidade do castigo, senón tamén da **congruencia entre esa severidade e a “culpa” atribuída**, de maneira que a desproporción dos castigos confírelles maior transcendencia cualitativa. A necesidade dunha análise circunstanciada, para establecer o grado de proporcionalidade, o nexos causal, na dinámica represiva, esixe unha adecuación metodolóxica que pasa polo que poderíamos denominar acumulación sistemática de estudos de caso. Só integrando as aproximacións cuantitativa e

cualitativa, a extensión e a intensidade, vai ser posible ponderar a análise comparada do fenómeno represivo en ámbolos dous sexos.

Para ilustrar a metodoloxía proposta vou presentar, en primeiro lugar, o caso de Hermelinda Páramo Ventosinos acusada, entre outras cousas, de acompañar a unha partida armada que atacara un auto de milicias falangistas ferindo a dous deles e coa intención de proveerse de armas para incorporarse á resistencia en Lugo. A pesar de que a presenza de Hermelinda nese contexto era un feito certo e probado, ao estar acompañada do seu marido, deuse por suposto que Hermelinda estaba alí como mera comparsa, sen iniciativa nin capacidade de intervención. De feito, no auto de procesamento a pesar de considerala autora dun delito de rebelión militar o xuíz a mantén no domicilio en prisión atenuada cos seguintes argumentos:

“...atendiendo su sexo, que en realidad no aparece que dicha mujer hubiese cometido ningún acto de intervención directa con relación a los hechos de que se trata, cabiendo suponer que si formaba parte de la partida facciosa era por razón de dependencia o afecto a su marido”⁷

Esta forma de ver as cousas foi aceptada polo fiscal, que rebaixou a consideración do delito a auxilio á rebelión. Compre sinalar que a fonte oral a que tiven acceso é contundente cando atribúe a Hermelinda un compromiso político maior que o do marido. Como vemos, o rol secundario e pasivo asignado á muller actuaba, de algunha maneira como termo de referencia no momento de establecer a responsabilidade e o consecuente castigo. A muller debía cingirse ao seu papel de nai e esposa e, cando saía del, a disonancia atribuíase en principio á obediencia debida a algunha figura masculina, constituíndo esta dependencia atribuída, un atenuante, cando menos tácito.


1.1.2. A represión oficial directa

Seguindo coa análise da *represión directa* contra da muller, o caso de Consuelo Alonso en Lugo, xunto co de Amada García en Ferrol (as dúas únicas mulleres executadas *oficialmente* en Galicia durante a Guerra Civil), son ilustrativos da ambivalencia do xénero como factor modulador.

Na sentenza que condenou a Amada García Rodríguez o que queda dos feitos probados unha vez retirados os énfases, é que esta animou aos republicanos a resistir ao

⁷ Archivo Intermedio Militar do Noroeste (Ferrol), fondo Lugo, causa nº 1198 de 1936, fol. 90 e vº.

exército sublevado, insultou aos timoratos, fixo bocadillos, ordenou interceptar os medios de comunicación e propaganda e insistiu na necesidade de acabar coas persoas “de orden” que estaban detidas no concello. Esta eliminación, en calquera caso, non chegou a verificarse, pero ao tribunal parécelle suficiente o feito de que fora congruente cos antecedentes de Amada: comunista de acción e propagandista desa ideoloxía como militante da sección Comunista feminina cuxa bandeira vermella tiña no seu domicilio e da que facía propaganda. Todo isto, que non pasa dun xuízo de intencións, foi negado non só por Amada, senón tamén en tres informes de senllos sacerdotes e un cuarto do presidente do Concello de Puentedeume. Lonxe de entender que estes informes puideran menoscabar a certeza das acusacións, o Tribunal cuestionounos con outro xuízo de intencións referíndose a “el propósito de los informantes de despistar al Consejo con informes falsos, dados a sabiendas”, aconsellando a sanción de cada un deles.



Fragmento da parte final da sentenza obrante na causa nº 379 de 1937, fol. 617, actualmente no Arquivo Intermedio Militar do Noroeste (Ferrol), fondo Ferrol⁸.

Aínda menos fundamento ten a condena a morte de Consuelo Alonso, baseada tamén exclusivamente, en xuízos de valor convenientemente resaltados, nembargantes no seu caso engádese o feito de que a súa militancia política non constaba e que as

⁸ Tanto a copia dixitalizada da sentenza como outras partes fundamentais do proceso fóronme facilitadas polo investigador Eliseo Fernández Fernández. Para unha análise completa deste sumario consultar Bernardo Máiz Vázquez, *Resistencia, guerrilla e represión. Causas e Consellos de Guerra Ferrol, 1936-1955*, Edicións A Nosa Terra, Vigo, 2004.

principais acusacións contra ela foron explicitamente negadas pola autoridade militar, existindo tamén un informe favorable dun párroco sobre a súa conduta. Despois de elaborar un relato *ad hoc*, como os cargos non pasaban de ameazas e propagación de ideas derrotistas, a sentenza conclúe maximizando o contido desfavorable dos informes oficiais para cualificar a Consuelo de “peligrosísima, indeseable y perniciosa” o que non constaba, e menos de forma unánime, nesos informes.

Sentencia

“RESULTANDO: Que la procesada CONSUELO ALONSO GONZÁLEZ, desde hace varios años mereció por sus ideas disolventes el apodo de comunista con el que es conocida y enseguida que llegó a Monforte se notó su presencia por dedicarse activamente a la propaganda marxista predicando la violencia como medio de terminar con las personas de orden y en los últimos años, principalmente durante el Frente Popular, *se distinguió ostensiblemente en cuantas manifestaciones extremistas se verificaron no limitándose a asistir a ellas sino a portar la bandera roja con la hoz y el martillo* ocasiones que aprovechaba la procesada para proferir toda clase de insultos y amenazas de hecho y de palabra a las personas que ella sabía de ideología contraria, habiéndose distinguido asimismo en la recaudación que se verificaba para el Socorro rojo internacional y en ocasión de un mitin extremista que se celebró en el campo de fútbol de Monforte, capitaneó un grupo femenino *de la Casa del Pueblo* que se dedicaba a dicha recaudación colocando a los donantes una bandera roja y en los momentos precursores del Movimiento Nacional estuvo en contacto con los elementos de la Casa del Pueblo *que organizaban la resistencia al Ejército* y en los últimos días de Julio, ya declarado el estado de guerra, capitaneó a un grupo de mujeres *que hizo oposición a la fuerza pública tirándola piedras y realizando otros actos de violencia*, con lo que la procesada demostró su identificación espiritual con la causa rebelde y su colaboración eficaz, activa y violenta contra el Ejército Nacional y una vez fracasada la resistencia roja persistiendo en su actitud y en su finalidad se dedicó activamente a servir de elemento de enlace entre los elementos marxistas emboscados entre los que hacía circular las noticias y bulos propalados por radios, *abultándolas* y congratulándose públicamente de los supuestos éxitos de los rebeldes, principalmente en los primeros días de las operaciones del sector de Teruel, al mismo tiempo que saludaba con el puño en alto y amenazaba con represalias a los elementos de orden emplazándoles para cuando, según ella, triunfasen los suyos que serian objeto de muerte violenta y *después arrastrados por la población*, esta misma procesada fue condenada el año de 1.934 por infracción de la Ley de Orden Público y con motivo del asesinato del sr. Calvo Sotelo manifestó en público y en tono de alegría que iba a beberse unas copas a su salud y al enterarse del fallecimiento del inolvidable General Mola, manifestó en el mismo tono y con la misma alegría “que los santones se iban matando ellos solos”, con todo lo cual se evidencia la peligrosidad de la procesada, su constancia en la rebeldía y de que se trata de persona *peligrosísima, indeseable y perniciosa, como unánimemente viene reconocido por los informes de la Guardia Civil Alcaldía y Jefatura local de Falange Española Tradicionalista y de las JONS.*”⁹

Tanto no caso de Consuelo como no de Amada, o xénero, que actuou como atenuante no caso de Hermelinda, convertese en agravante. Cando se supoñía que a

⁹ Archivo Intermedio Militar do Noroeste (Ferrol), fondo Lugo, causa nº 4 de 1938, fols. 53 e vº. As cursivas son miñas, subliñan as acusacións que se engaden na sentenza e que non figuran na instrución do sumario, nin nas actas de celebración do Consello de Guerra.

muller obraba por propia iniciativa, este feito contribuía a axigantar os cargos, por nimios que foran, conferíndolles unha gravidade desproporcionada que se traducía en penas moi severas. As execucións de Consuelo e Amada, unicamente polas ideas comunistas que se lles atribuíron e por proferir ameazas e expresións exaltadas, evidencia claramente este dobre sentido do factor xénero, xa que os seus maridos quedaron en liberdade.

A hipótese do xénero como factor modulador da intensidade da pena, cando a represión é DIRECTA contra da muller, polo que fixo, pode verificarse tamén a través da análise dos procesos incoados conxuntamente contra homes e mulleres, nos cales para as mesmas acusacións as condenas son diferentes, sistematicamente menos graves as impostas ao home, cando se considera que a muller actúa autonomamente, en consonancia coas ideas expresadas polo doutor Vallejo Nájera nun artigo titulado “Psiquismo del fanatismo marxista. Investigaciones Psicológicas en marxistas femeninos delincuentes”, publicado en 1939 na *Revista Española de Medicina y Cirugía*, nel as “roxas” delincuentes preséntanse como seres dexenerados, feroces e con trazos criminais¹⁰.

1.2.A REPRESIÓN EXTRA-OFICIAL¹¹ CONTRA A MULLER

Ademais das formas de violencia oficial (execucións, cárcere...), e extra-oficial (*sacas, paseos*), común aos homes, a muller foi albo, con maior frecuencia, dunha violencia extra-oficial específica: violacións, rapa do cabelo, exposición pública en situacións degradantes –espidas despois da inxestión de purgantes-, sometemento a situacións de escravitude, tamén sexual, e outras.

Estas formas de represión extra-oficial sen resultado de morte, polas súas características atentatorias contra á dignidade, son vivenciadas como vergonzantes, o que fai o seu estudo particularmente dificultoso. A fonte oral, fundamental para ese estudo vese limitada pola humillación que reprime na vítima, e nas que foron testemuñas, o recordo e a verbalización do mesmo, aínda máis que nos casos de represión oficial como o de Carmen Fernández Seguí (Coaloso 1905-Sandiás 1999),

¹⁰ Cit. por Barranquero Texeira, Encarnación “Mujer, cárcel y franquismo en Andalucía” en Sergio Gálvez Biesca e Fernando Hernández Holgado (eds.), *Presas de Franco*, Ed. Fundación de Investigaciones Marxistas, Madrid, 2007, pp. 79-83.

¹¹ A exercida por elementos afíns ao réxime, pero **sen autorización explícita** deste. Era unha represión subrepticia, efectuada ou ben por iniciativa individual dos executores, ou, por orde das autoridades franquistas fora dos procedementos normativos.

que morreu aos 93 anos na casa familiar sen abrir a boca. Xamais dixo unha palabra sobre a súa activa participación na Guerra Civil, nin sobre a súa condena a morte, nin sobre os seus anos de cárcere, nin sobre as vexacións as que foi sometida entre rexas, nin sobre o fusilamento do seu fillo maior. Sinxelamente “no hablaba de nada, parecía muda, casi daba miedo”¹². Este é o relato que Clara Aparicio, bisneta de Carmen fixo á xornalista do diario *El País*, foi o seu avó, Camilo de Dios, quen comezou a contar a historia “poco a poco”. Aínda así “con todo lo que me ha dicho en estos tres años aún no sé nada de nada”, lamenta Clara¹³. Ademais de pola represión do recordo, a fonte oral vese limitada por outro factor, o tempo transcorrido, o que confire maior relevancia aos traballos pioneiros en Galicia dirixidos pola profesora Isaura Varela, que creou o Fondo HISTORGA (Historia Oral de Galicia), a fins dos anos 80 coa colaboración de Marc Wouters e de Xurxo Pantaleón. Este Fondo “dispón na actualidade dunha inestimable colección que xa supera as 1.500 entrevistas, poñendo á disposición de todos testemuñas sobre aspectos centrais da historia recente de Galicia. Compre salientar o fondo de máis de 350 gravacións en torno **á guerra civil e ó exilio**, as igualmente ricas testemuñas sobre a conflitividade política e social rexistrada no Franquismo e na Transición, ou as referentes á vida cotián, á alimentación, ou á educación en Galicia”¹⁴.

Só de forma esporádica encontramos nos sumarios militares, diarios de presos e outras fontes escritas como as hemerográficas¹⁵ indicios de prácticas represivas contra a muller.

A través do diario que escribiu no cárcere o alcalde republicano de Ribas de Sil, Marcelino Fernández Prada, condenado a morte, sabemos da situación da súa esposa:

“... con siete hijos menores, en la más espantosa miseria, ella de una parte para otra, sin un minuto de descanso, para ver si puede salvar mi vida, y los pobres hijos, abandonados allá en la Rúa, al cuidado de su hermanita de catorce años.”

“... obligaron a mi esposa a fregar de rodillas el café (...), desterraron a mi esposa con los siete hijos, menores de catorce años, después de quitarle todos los intereses que con el esfuerzo de nuestro trabajo habíamos adquirido.”¹⁶

¹² *El País, Galicia*, 24 de marzo de 2011, p.8

¹³ *Ibidem*.

¹⁴ Este arquivo está á disposición da comunidade académica e do conxunto da sociedade na dirección web: http://www.usc.es/hcdep/fondos_documentais/historga.htm

¹⁵ Un exemplo é a revista xa citada *Mujeres Antifascistas Españolas*.

¹⁶ Unha copia do diario foi facilitado á autora por Dalia Fernández, una das fillas de Marcelino Fernández Prada.

Do expediente incoado pola Garda Civil ao xefe local de Falange de Cervantes (Pascual Rosón Pérez), podemos inferir o que lle ocorreu a Florinda Gutiérrez Alba de 19 años e irmá de fuxidos:

“... al entrar la que dice el Santiago [outro falangista] cerró la puerta con llave por adentro cogiendo un papel como para tomarle declaración y entonces le dijo que estaba complicada en un asunto pero que el podía salvarla, para lo cual era necesario que le diese un beso y como la declarante se opusiera a ello, la agarró y la estuvo forzando diciéndole o por bien o por mal tenía que acceder a ciertas proposiciones (...) a los pocos días la volvieron a llamar (...) dejándola sola con el Santiago, quien después de cerrar la puerta por dentro le dijo que si venía arrepentida y como contestase negativamente, le amenazó diciéndole que si no se entregaba por bien se quedaría con ella para la noche y por buenas o por malas serviría para todos los falangistas, pues su objeto era deshonrarla.”¹⁷


O proxecto VNVL, amosa outras formas de represión documentadas mediante a fonte oral, trátase dos constantes e forzados “desfiles públicos”, levados a cabo para promover a humillación das mulleres que son conducidas polas rúas da localidade en dirección á sede de Falange ou ás dependencias municipais para ser peladas e moitas veces purgadas con aceite de ricino e devoltas a vía pública para que inmediatamente podan ser contemplados os resultados. As purgas poden ser interpretadas como a materialización da ideoloxía dos vencedores, simbolizando a purificación da poboación (eliminaba o comunismo do corpo) e a erradicación de calquera vestixio de pasado republicano.

A través das testemuñas que declararon no sumario militar contra Consuelo Alonso alias “A Comunista”, veciña de Monforte (Lugo), sabemos que ao inicio da sublevación militar foi represaliada por Falange que a detivo, rapoulle o pelo e a castigou, como se fixo con outras mulleres de ideas extremistas. O castigo tamén se recolle no auto de procesamento, dotándoo o xuíz instrutor de connotacións paternalistas ao dicir: “viéndose obligada la Falange local a castigarla por tal motivo y cortarle el pelo.”¹⁸ As rapas buscan estigmatizar de forma duradeira á vítima e constitúen senón a forma máis infamante, si a máis xeneralizada de castigo contra a muller sendo sen dúbida a máis firmemente arraigada na memoria.

¹⁷ AHPL, sección Goberno Civil, Corporacións, cartapacio 12700, copia certificada do expediente instruído contra o secretario del concello de Cervantes, Pascual Rosón Pérez, data 25 de xullo de 1937 (a copia remitida). Na transcripción corríxíronse as numerosas faltas de ortografía e outras incorreccións mecanográficas.

¹⁸ Arquivo Intermedio Militar do Noroeste (Ferrol), fondo Lugo, causa nº 4 de 1938, fol. 24 vº.

O peso relativo desta represión extra-oficial é maior para a muller, como podemos ver nesta gráfica referida a súa expresión máis grave, as mortes non sumariais.



Elaboración propia mediante a triangulación de datos obtidos de diferentes fontes: Fichas Sanitarias de 1936-1940 consultadas no Arquivo Histórico Provincial de Lugo; Libro de Rexistro Civil de defuncións de Lugo (1936-1987); BOPL (1936-1940), Expedientes de Responsabilidades Cívicas e Políticas (1936-1945); Libros de Actas Municipais de Lugo, Monforte e Ribadeo; o diario *El Progreso* (1936-1939); Causas militares consultadas no Arquivo Intermedio Militar do Noroeste (Ferrol), fondo Lugo, (en torno ao centenar), fontes bibliográficas e hemerográficas.

O número de mortes non sumariais debidas á represión, non é definitivo, e moito menos no caso das mulleres. Os habituais eufemismos utilizados polo réxime para enmascarar estas mortes (“parálisis bulbar”, “parada respiratoria”, “traumatismo craneano”...), nelas son aínda máis difíciles de decodificar por canto moitas das mulleres asasinadas carecían de antecedentes políticos explícitos que poidan orientarnos. Por outra banda, en relación á represión transitiva, esta vez extraoficial:

“En los relatos de muchos guerrilleros asturianos se hace referencia a mujeres de huidos a las que se intentaba violar y cuando se resistían, eran asesinadas o, en ocasiones, recibían un tiro en la pierna o en el vientre. Otras optaban por suicidarse, al no soportar los malos tratos, la presión y las citaciones sin tregua.”¹⁹

En consecuencia, a metodoloxía proposta dunha aproximación cuantitativa e cualitativa integrada e unha sistematización dos estudos de caso é aínda máis necesaria que para a represión oficial.

Esta presentación dedicada á represión da muller nin pretende nin pode ser exhaustiva, pero non quero deixar de advertir algo que constatee durante o traballo de

¹⁹ Cabrero Blanco, Claudia, *MUJERES contra el franquismo (Asturias 1937-1952). Vida cotidiana, represión y resistencia*, KRK Ediciones, Oviedo, 2006, p. 246.

campo da investigación sobre Consuelo Alonso, e é que a *pregnancia* dos feitos na memoria amosa un gradiente social, individualizando e lembrando máis vivamente os feitos que afectaron a persoas socialmente relevantes independentemente do significado dos feitos en si. O caso de Consuelo, a única muller executada oficialmente en Lugo e de forma particularmente inícuo, non era lembrado por ningunha das numerosas persoas que interpelei en Monforte, onde residía Consuelo, algunha delas ligada á promoción de estudos históricos sobre o franquismo. O dito evidencia algo inquietante, que o gradiente social do que falaba trasládase á memoria histórica, que se constrúe á volta da categoría social da vítima e non das circunstancias da súa vitimación.